

# UNIDADE 2: ANTROPOLOXÍA CD. A IDENTIDADE PERSOAL

## 1. A REALIDADE DO SER HUMANO

### O dualismo antropológico

#### Concepcións actuais

A persoa

## 2. PERSOA E IDENTIDADE

A busca da identidade

A personalidade

A realización persoal

## ANEXO: HAI UN CATÁLOGO DE PERSONALIDADES?

### SECCIÓN A: TEXTOS

#### I. PLATÓN; *Fedón*, 76b-76E:

—Que escolles ti, Simmias? Nacemos con coñecementos, ou lembrámonos despois de esquecer o que sabiamos?

—Abofé, Sócrates, que agora mesmo non sei que escoller.

—Pero, que pensarías e que escollerías neste caso? Un home que sabe unha cousa, pode dar razón do que sabe?

—Pode, sen dúbida, Sócrates.

—E paréceche que todos os homes poden dar razón das cousas das que acabamos de falar?

—A min gustaríame que así fose -respondeu Simmias-; pero temo que mañá non atopemos un home capaz de dar razón delas.

—Paréceche, Simmias, que todos os homes teñen esta ciencia?

—Seguramente non.

—Daquela, eles non fan máis que recordar as cousas que souberon noutro tempo?

—Así é.

—Pero en que tempo adquiriron as nosas **almas** esta ciencia? Porque non foi despois de nacer.

—De certo que non.

—Foi antes de agora?

—Sen dúbida.

—*Xa que logo, Simmias, as nosas almas existían antes de agora, antes de aparecer baixo esta forma humana; e mentras estaban así, sen corpos, sabían.*

—*Agás que digamos, Sócrates, que adquirimos os coñecementos no acto de nacer, porque ese é o único momento que nos queda.*

—*De acordo, meu querido Simmias -replicou Sócrates-; pero, en que outro tempo os perdemos? Porque hoxe non os temos, segundo acabamos de dicir. Perdémolos ó mesmo tempo que os adquirimos? Ou podes ti sinalar outro momento?*

—*Non, Sócrates; non me decatara de que o que dixer non ten sentido.*

—*Cómpre, pois, facer constar, Simmias, que se todas estas cousas que temos seguido na boca, ou sexa, o fermoso, o xusto e todas as esenciais desta caste, existen verdadeiramente; e que se referimos todas as percepcións dos nosos sentidos a estas nocións primitivas como ó seu modelo, que atopamos, desde logo, en nós mesmos, eu digo que é absolutamente indispensable que, así como todas estas nocións primitivas existen, a nosa alma existise igualmente antes de que nacésemos. E se estas nocións non existisen, todos os nosos discursos son inútiles. Non é isto incontestable? Non é igualmente necesario que se estas cousas existen, existisen tamén as nosas almas antes do noso nacemento? E que se aquelas non existen, tampouco deberon existir estas?*

## II. ARISTÓTELES; *Da alma*, II, 1:

*Queda exposto, polo tanto, de maneira xeral que é a alma, a saber, a entidade definitoria, isto é, a esencia de tal tipo de corpo.*

*Supoñamos que un instrumento calquera —por exemplo, un machado— fose un corpo natural: en tal caso o «ser machado» sería a súa entidade e, polo tanto, a súa alma; se lle quitamos esta, xa non sería un machado agás de palabra. [...]*

*Pero é necesario tamén considerar, en relación coas distintas partes do corpo, o que acabamos de dicir. En efecto, se o ollo fose un animal, a súa alma sería a vista. Esta é, desde logo, a entidade definitoria do ollo. O ollo, pola súa parte, é a materia da vista, de xeito que, se lle quitamos esta, aquel non sería en absoluto un ollo agás de palabra, como é o caso dun ollo esculpido en pedra ou pintado. [...]*

*Está ben claro que a alma non é separable do corpo ou, polo menos, certas partes da mesma, se é que por natureza é divisible.*

## III. DESCARTES, R.; *Discurso do Método*, IV parte:

*Posteriormente, examinei con atención o que eu era, e vin que podía finxir que carecía de corpo, así como que non había mundo ou lugar ningún no que me atopase. Pero, xustamente por iso, eu non podía finxir que non existía,*

senón que, pola contra, só a partir de que no meu pensamento dubidaba sobre a verdade doutras cousas, facíase moi evidente e certo que eu existía. [...]

*Cheguei a decatarme, a partir de todo aquilo, que eu era unha substancia cuxa esencia ou natureza non reside noutra cousa que en pensar; e que tal substancia, para existir, non precisa lugar ningún nin depende de cousa material ningunha. Así, este eu, é dicir, a alma, en virtude da cal eu son o que son, é distinta por completo do corpo, máis fácil de coñecer que este e, aínda que o corpo non existise, non deixaría de ser todo o que é”.*

#### IV. POPPER, Karl Raimund & ECCLES, John Carew; *El Yo y su cerebro*, Labor, Barcelona, 1993, p. 17:

*En contra de todas estas opiniones, sugiero que el universo, o su evolucion, es creador y que la evolución de animales sentientes con experiencias conscientes ha suministrado algo nuevo. Al principio dichas experiencias eran de tipo más rudimentario y, posteriormente, de un tipo superior. Finalmente surgió esa especie de conciencia del yo y ese tipo de creatividad que, según sugiero, encontramos en el hombre.*

*Con la emergencia del hombre, pienso que la creatividad del universo se ha hecho obvia. En efecto, el hombre ha creado un nuevo mundo objetivo, el mundo de los productos de la mente humana; un mundo de mitos, de cuentos de hadas y de teorías científicas, de poesía, de arte y de música. [...] La existencia de las grandes e incuestionables obras creativas del arte y la ciencia muestra la creatividad humana y, con ello, la del universo que ha creado al hombre.*

#### V. Extractos do artigo *Identidad sexual* na [Wikipedia \(castelán\)](#), de acordo coa súa redacción en setembro de 2021:

##### Sexo biológico

*El sexo biológico alude a la anatomía física de una persona, tanto a los órganos sexuales externos como a los atributos físicos derivados, los cromosomas sexuales y las estructuras reproductivas internas. Para la mayoría de las personas, los indicadores anatómicos del sexo se alinean de un modo binario, siendo su sexo **masculino** o **femenino**. Sin embargo, también pueden darse variaciones intersexuales que son propias de la especie humana y de otras especie animales. La **intersexualidad** supone que el individuo nazca con una anatomía reproductiva o sexual que no se ajusta completamente a lo que se espera de un cuerpo femenino o un cuerpo masculino, normalmente debido a que el individuo nace con genitales o rasgos no normativos.*

##### Identidad de género

*La identidad de género es la percepción subjetiva que un individuo debe tener sobre sí mismo en lo relativo al género. Se considera que una persona es **cisgénero** si su identidad de género coincide con su sexo biológico, mientras que una persona será **transgénero** si su identidad de género difiere del sexo biológico con el que fue asignada al nacer. Una persona transgénero se*

reconoce como **transexual** o trans desde el momento en el que modifica su cuerpo o tiene el deseo de hacerlo hacia el fenotipo sexual opuesto a aquel que le fue asignado al nacer, bien sea mediante métodos hormonales, quirúrgicos o ambos. Se denomina como **hombre trans** (transmasc) a aquella persona que, pese a haber sido asignada al sexo femenino al nacer, según las características físicas propias de su sexo biológico, sitúa su identidad dentro del género masculino. Por contra, se denomina como **mujer trans** (transfem) a la que, pese a haber sido asignada al sexo masculino al nacer, según las características físicas propias de su sexo biológico, sitúa su identidad dentro del género femenino. Dentro del colectivo trans suelen incluirse los llamados **géneros no binarios** o cuirgénero (genderqueer), personas con una identidad que no se ajusta al binarismo de género, ya que su identidad no se percibe totalmente masculina o femenina. Sin embargo, existen personas no binarias que no se identifican dentro del colectivo trans porque este sí que se articula dentro del binarismo de género. Esto ha hecho que en los últimos años se hayan añadido las acepciones queer (Q) y plus (+) dentro del colectivo LGBTQ+, abarcando de esta manera a aquellas identidades de género no binarias.

#### Expresión de género

La expresión de género es la forma en la que un individuo muestra su género al mundo que le rodea, valiéndonos para ello de un conjunto de elementos externos como la apariencia, el comportamiento, la actitud y los gestos que este utilizará para expresar su género, bien sea de forma normativa o no normativa. Aunque la expresión de género no depende de la orientación sexual, sí que está directamente condicionada por ella debido a los estereotipos sexuales. Mientras que una expresión de género normativa es acorde con la identidad de género del individuo, una expresión de género no normativa no suele concordar nunca lo suficiente con dicha identidad de género.

#### Orientación sexual

La orientación sexual es la capacidad de sentir atracción sexual, emocional y afectiva por personas de un género distinto al propio y/o de un mismo género. Cuando la orientación sexual se rige por categorías binarias es posible distinguir orientaciones sexuales posibles: la **heterosexualidad** (atracción sexual hacia personas del género opuesto), la **homosexualidad** (atracción sexual hacia personas del mismo género) y la **bisexualidad** (atracción sexual hacia ambos géneros, aunque a veces se incluyen también los géneros no binarios). Sin embargo, existen además otras dos orientaciones: la **pansexualidad** (atracción hacia personas de todo género, incluidos los géneros no binarios) y la **asexualidad** (ausencia total o parcial de atracción sexual).

#### **VI. FREUD. S.; *El Yo y el ello*, Alianza Editorial, Madrid, 2012, pp. 18-19:**

Fácilmente se ve que el yo es una parte del ello modificada por la influencia del mundo exterior, [...] El yo se esfuerza en transmitir a su vez al ello dicha influencia del mundo exterior, y aspira a sustituir el principio del placer, que reina sin restricciones en el ello, por el principio de la realidad. La

*percepción es para el yo lo que para el ello el instinto. El yo representa lo que pudiéramos llamar la razón o la reflexión, opuestamente al ello, que contiene las pasiones.*

**VII. ALDARONDO; Ricardo; “Emociones en crecimiento”, en *Dirigido Por...*, n° 457, pp. 18-19:**

*Del revés es la película de Pixar sobre psicología y conocimiento de emociones, por raro y disparatado que pueda parecer. Y todo ello en una película que no deja de estar dirigida a los niños y adolescentes, pero con tantos niveles de lectura permanentes como para hacer cavilar y reconocerse emocionalmente a adultos de toda edad y condición. [...]*

*En Del revés la aventura se desarrolla cuando dos de las cinco emociones básicas que controlan la mente de Riley [...] exploran el espacio exterior de la memoria, los sueños, los afectos y los cambios propios del ciclo vital. [...] El permanente conflicto entre ellas, también su capacidad de comprenderse, ayudarse y hacer equipo, ponen en funcionamiento las reacciones de Riley desde sus primeros instantes de vida.*

**VIII. ASIMOV; Isaac; *Yo, Robot*, Edhasa, Barcelona, p. 4:**

*LAS TRES LEYES ROBÓTICAS*

*1. Un robot no debe dañar a un ser humano o, por su inacción, dejar que un ser humano sufra daño.*

*2. Un robot debe obedecer las órdenes que le son dadas por un ser humano, excepto cuando estas órdenes están en oposición con la primera Ley.*

*3. Un robot debe proteger su propia existencia, hasta donde esta protección no esté en conflicto con la primera o segunda Leyes.*

*Manual de Robótica  
56ª edición, año 2058*

**SECCIÓN B: EJERCICIOS**

1. Señala as palabras clave dos textos I, II, III, IV e VI. A seguir, expresa en frases curtas as ideas principais de cada un deles. Finalmente, elabora unha breve redacción que recolla esas ideas principais, ademais do punto de vista do autor, empregando sobre todo vocabulario propio.

2. En relación co texto V, facédevos individualmente as seguintes cuestións:

-Coñecías a distinción sexo biolóxico-identidade de xénero-expresión de xénero-identidade sexual?

-Cantas identidades de xénero e orientacións sexuais coñecías antes de ler o texto?

Tras reflexionar, compartide os vossos pensamentos coa clase.

3. En relación co texto VII, cales son as emocións básicas do ser humano a que se refire? Cando o saibas, analiza o teu interior para ver se identificas algunha dela como dominante na túa personalidade. Comparte as túas conclusións coa clase.

4. Debatede sobre as leis da robótica expostas no texto VIII, analizando se vos parecen xustas e coherentes, e por que.

5. Recomendacións de visionado:

-[Del revés](#) (*Inside Out*, Pete Docter & Ronnie Del Carmen, 2015)



-[La variante Gothowitz](#) ("The Gothowitz Deviation", Mark Cendrowsky, 2009), episodio da serie *The Big Bang Theory*.

## SECCIÓN C: IDEAS PARA RETER

### 1. A REALIDADE DO SER HUMANO

#### A) O DUALISMO ANTROPOLÓXICO

O ser humano sempre se ten feito preguntas sobre si mesmo. Os primeiros pensadores gregos tiveron conciencia dunha dobre realidade: a externa ó ser humano e a interna ou propia do mesmo. A primeira era concreta e material, mentres a segunda era abstracta e inmaterial, como representación mental. Esta dobre natureza, material e intelectual, denomínase **dualismo ontolóxico**. Ó pensar sobre si mesmo, o ser humano decátase de que esa dobre realidade se dá tamén nel: é material en canto á súa natureza biolóxica, e intelectual en canto que é capaz de pensar e reflexionar sobre el mesmo. Esta concepción da dobre natureza humana chámase **dualismo antropolóxico**.

Para **Platón**, o home consta de corpo e alma. A primeira natureza é degradable e mortal, mentres a segunda é incorruptible e inmortal, e, polo tanto, a verdadeira esencia do ser humano. Segundo Platón, a alma ten tres partes:

-concupiscible ou sensual: ten que ver co corpo e as súas necesidades.

-irascible: tamén relacionada co corpo, correspóndese cos sentimentos e emocións, especialmente os máis nobres.

-racional: correspóndese coa razón e a vontade; é a que é capaz de coñecer as Ideas.

Toda alma nace no mundo das Ideas, onde toma coñecemento delas. Cando ocupa un corpo vese encarcerada, esquecendo todo o que coñecía, e vese suxeita a un ciclo de reencarnacións. Para cortar o ciclo e volver ó lugar que lle corresponde, debe realizar un exercicio de purificación mediante a actividade filosófica. Con ese avance no coñecemento a alma é quen de lembrar o que contemplara no mundo das Ideas.

Pola contra, **Aristóteles** defende que o ser humano é unha única e indivisible substancia, na que corpo e alma se alimentan mutuamente. O corpo é a concreción do individuo, mentres que a alma é a abstracción. A alma é o principio vital que impulsa as funcións do corpo, que é o que fai posible que a alma tome forma. Como en Platón, en Aristóteles a alma ten tres partes:

- vexetativa: encárgase das funcións vitais; posúena as plantas, os animais e os humanos.

- sensitiva: permite ter sensacións; as plantas carecen dela.

- racional: outorga a capacidade de pensar; os animais non a teñen.

Non só a filosofía ten dito cousas sobre a condición humana: tamén o teñen feito as **relixións**, especialmente os tres grandes credos monoteístas (xudaísmo, cristianismo e islamismo). Sosteenen que o ser humano non é un elemento máis da natureza, senón un ser creado por Deus, dotado de razón e vontade, e capaz de distinguir o ben do mal.

Na cultura occidental a relixión máis influente é o cristianismo, que desenvolveu unhas concepcións sobre o ser humano fusionando a súa propia tradición coas ensinanzas de Platón e Aristóteles, os dous filósofos máis prestixiosos da Antigüidade.

**Agostiño de Hipona**, na fase final do Imperio Romano de Occidente, toma a idea de Platón sobre o corpo e a alma, engadindo que esta última está feita a imaxe e semellanza de Deus e que, polo tanto, debemos buscar a Deus dentro de nós mesmos. O corpo é a raíz de todo mal, e a alma, que é inmortal, é a fonte do ben e a verdade.

Xa na Idade Media, **Tomé de Aquino**, recolle o concepto de Aristóteles sobre a unidade corpo-alma co fin de postular que, para os bos cristiáns, o corpo acabará por resucitar unido á alma.

#### B) CONCEPCIÓNS ACTUAIS

No s. XVII, **René Descartes**, figura principal da escola racionalista, matizou a dualidade corpo-alma herdada do platonismo e do pensamento cristián. Nesta concepción, alma e corpo son dúas substancias distintas, autónomas e autosuficientes, pero a alma ten primacía: o corpo é unha máquina controlada pola mente. Cando Descartes di “Penso, polo tanto existo”, está a expresar que a verdadeira realidade do ser humano é o pensamento.

Máis adiante, a revolución científica e, en particular, os descubrimentos de **Charles Darwin** no campo da bioloxía no s. XIX, estableceron que o ser humano é un máis na natureza, resultado dunha evolución que lle deu un cerebro moi desenvolvido e moi capacitado para adaptarse ó medio. Iso trouxo como consecuencia que, na actualidade, a ciencia tenda a manter **posicións monistas** da realidade: esta maniféstase de diversas formas, pero todas están suxeitas a un mesmo conxunto de leis científicas. Dentro das posicións monistas destacan as seguintes:

-materialismo **fisicalista**: a actividade cerebral non é mais que o resultado duns procesos físico-químicos e neurofisiolóxicos.

-materialismo **emergentista**: o mental xorde do físico de xeito evolutivo, pero só hai unha realidade material, que se artella en distintos niveis, un dos cales é a actividade mental.

De todas maneiras, segundo algúns científicos, estas perspectivas monistas non acaban de explicar ben o concepto de **conciencia**: a capacidade do ser humano de decatarse da súa propia realidade, de tomar decisións e de anticipar o futuro. Desde este punto de vista, a conciencia non é o mesmo que o pensamento, que só sería o froito da interacción das neuronas. Por iso hai quen segue o **dualismo científico**: actividade mental e cerebral son realidades diferentes, malia que moi vinculadas; a conciencia non é o cerebro, pero sen cerebro non hai conciencia.

### C) A PERSOA

A filosofía contempla a persoa como calquera home ou muller que, como actores sociais, son capaces de ser cidadáns: membros normais e activos da sociedade na que viven durante toda a súa vida. Nesta idea, a persoa non nace: faise. O núcleo da persoa é a **personalidade moral**, que consiste na adquisición de dúas facultades: a concepción do que está ben (e mal) e un sentido mínimo da xustiza. E para que esta personalidade moral se desenvolva, cómpren tres elementos: a **liberdade**, a **igualdade** e a **dignidade**.

Para que a persoa se realice, é precisa unha sociedade ordenada e regulada por unha concepción política da xustiza. Os trazos dunha sociedade tal son os seguintes:

-cadaquén acepta e é consciente de que os demais aceptan os mesmos principios de xustiza.

-a estrutura básica da sociedade, incluíndo as súas institucións públicas principais, forman un sistema de cooperación social.

-os cidadáns cumpren, en xeral, coas institucións básicas da sociedade, que consideran xustas.

Nas sociedades nas que se dan estas condicións, existe o chamado **espazo ético**, que é onde as persoas poden cooperar na busca dun obxectivo común, que debe ser o beneficio público, e nunca exclusivamente o particular.

## 2. PERSOA E IDENTIDADE

### A) A BUSCA DA IDENTIDADE

A nosa **identidade persoal** vén determinada pola nosa maneira de ser e a nosa aparencia, que inclúe comportamentos, crenzas e actitudes. A **identidade social**, á súa vez, está definida pola sociedade na que vivimos, e é a conciencia de nós mesmos como membros dunha colectividade ou grupo humano.

Como animais sociais, a adquisición e desenvolvemento da identidade é un proceso de interacción cos demais dentro dunha comunidade, e é un proceso que ten lugar durante toda a vida. O individuo fórmase unha idea de si mesmo, producida polo xuízo propio e polo que os demais teñen sobre el.

A etapa crítica de formación da identidade é a **adolescencia**. En primeiro lugar, os adolescentes deben asumir a súa orientación sexual. Por tradición, as identidades masculina e feminina estaban ligadas ó sexo. hoxe, a identidade de xénero non vén determinada pola identidade sexual: non debe confundirse orientación sexual con identidade de xénero. Como consecuencia, os roles tradicionais están perdendo peso, e os adolescentes poden identificarse de xeitos moi variados.

#### B) A PERSONALIDADE

A **personalidade** é o conxunto de características e trazos psicolóxicos que determinan e expresan a nosa forma de ser e actuar. Ten tres compoñentes:

- o **temperamento**, ou fundamento da personalidade: é a herdanza biolóxica inserida nos nosos xens. Non se pode cambiar, e a súa base son as emocións (efectos visibles que se producen no corpo como reacción a un estímulo externo) e sentimentos (experiencia consciente das emocións, que non é visible para os demais).

- o **carácter**, ou propiedades psicolóxicas que adquirimos durante o noso crecemento: dá forma ós nosos hábitos de comportamento, transmitidos culturalmente. Podemos modificalo, e a súa base é a intelixencia, a capacidade de orientar o noso comportamento para enfrontarnos con éxito a situacións novas.

- a **vontade**, ou capacidade de elixir que queremos e que facemos. É o desexo de ser, e a súa base é a memoria, que nos dá a idea da continuidade do eu e nos permite adaptarnos a diferentes contornos.

A disciplina que estuda especificamente a personalidade é a **psicoloxía**. Ó longo da historia, teñen aparecido diversas teorías sobre a orixe, a evolución e os tipos de personalidade:

- a teoría de **Hipócrates**: este grego, considerado o fundador da medicina, estableceu catro temperamentos, baseándose nos humores ou líquidos corporais: sangue, bile amarela, flegma e bile negra. Segundo predominase un ou outro nas persoas, así serían os seus temperamentos: ó dominio do sangue correspondía un temperamento alegre e esperanzado; ó da bile amarela un irascible; ó da flegma un apático e preguiceiro; e ó da bile negra un melancólico, triste e distraído. Ata o nacemento da psicoloxía moderna, no terzo final do s. XIX, esta teoría foi a dominante.

- a psicanálise de **Sigmund Freud**: este médico austríaco elaborou unha teoría sobre o funcionamento da mente. Para el, a personalidade é sempre de natureza conflitiva, como resultado dunha loita interna que se dá toda a vida, especialmente durante a infancia, entre tres estruturas psíquicas: o *id* (a máis

primitiva, que abrangue os impulsos sexuais e de agresividade), o *ego* (a parte consciente que media entre o *id* e a realidade exterior) e o *superego* (a parte inconsciente, que contén as normas sociais e culturais, co que representa a autoridade, oposta ó primitivismo do *id*).

-as teorías actuais: hoxe a psicoloxía considera tres elementos no estudo sobre a personalidade, que son a **persoa**, a **situación** e a **conduta**. A personalidade sería a estrutura intermedia entre a situación e a conduta coa que as persoas responden ante ela como individuos. Con este punto de partida, teñen aparecido teorías que catalogan diferentes tipos de personalidade e os seus trazos. Unha delas é a chamada “**dos cinco grandes trazos**” (amabilidade, extroversión, neuroticismo, responsabilidade e apertura á experiencia). Outra é a teoría humanista de **Carl Rogers**, que define a personalidade sa como aquela que consegue facer coincidir a imaxe de nós mesmos coa que teñen os demais. Finalmente, está a teoría da identidade de **Erik Erikson**, quen propón que a personalidade se forma ó pasar por oito estadios ou etapas ó longo da vida: ó remate de cada etapa, prodúcese un éxito ou un fracaso, e na etapa final debe producirse a integridade do eu, ou satisfacción coa propia vida.

#### C) A REALIZACIÓN PERSOAL

A nosa realización como persoas depende, en grande medida, da consecución dos logros que nos propoñemos ou as necesidades que temos (as innatas: durmir, comer, respirar...) ou sentimos (as aprendidas e inventadas). Para alcanzar eses logros e satisfacer esas necesidades decidimos comportarnos dun xeito ou outro, de acordo cun impulso que denominamos **motivación**.

Hai varias teorías sobre a motivación e as súas orixes:

-teorías **homeostáticas**: a conduta motivada nace dalgún tipo de desequilibrio no individuo. Cando a persoa corrixe o desequilibrio mediante unha acción, experimenta un pracer. Pero o equilibrio pode perderse de novo, co que o proceso se reinicia.

-a **psicanálise**: para Freud, o organismo sente a necesidade de satisfacer o impulso sexual e o de autoconservación. Así, son o pracer sexual e a evitación da dor o que guía a conduta das persoas.

-teoría das necesidades de **Abraham Maslow**: para este psicólogo, tamén estadounidense, as necesidades agrúpanse xerarquicamente nunha serie de niveles. O ser humano debe satisfacer primeiro as necesidades fisiolóxicas básicas (comer e beber, p. ex.); logo aparecen as de seguridade (combater a desorde e a imprevisión); logo aparece a necesidade de afecto, logo a de autoestima, máis tarde a de saber (coñecer o que sucede ó noso arredor e apreciar a beleza das cousas), e, finalmente, o desexo de autorrealizarnos.

-teorías **cognitivas**: estas perspectivas non poñen o acento sobre a satisfacción das necesidades, senón sobre outros procesos cognitivos, como o medo ó fracaso, a frustración, as expectativas, os obstáculos e o esforzo para a consecución de metas.

-teoría **conductista**: o fisiólogo ruso **Ivan Pavlov** estableceu que certas condutas poden ser condicionadas ante certos estímulos, como a excitación, o reforzo e o castigo.

En calquera caso, no noso desenvolvemento e realización como persoas é moi importante a **idea moral** que nos vamos formando e os valores que imos adquirindo para guiar o noso comportamento. O psicólogo estadounidense **Lawrence Kohlberg** elaborou unha teoría sobre a adquisición da conciencia moral en relación co desenvolvemento físico e cognitivo. De acordo con esta proposta, todos deberíamos pasar por tres etapas na nosa vida:

-**preconvencional**: cando somos nenos, pasamos por dous niveis na recepción das normas e ordes dos pais: obediencia/castigo e pracer.

-**convencional**: aceptamos as normas e valores morais da sociedade.

-**postconvencional**: esforzámonos por definir os nosos propios valores e principios morais.

O resultado final do desenvolvemento madurativo da persoa é a consecución dunha personalidade sa e activamente adaptada ó contorno, cunha identidade persoal ben definida e capaz de interpretar o mundo e interpretarse a si mesma de xeito correcto.

### ANEXO: HAI UN CATÁLOGO DE PERSONALIDADES?

Para este apartado, debes servirse da presentación do mesmo título, dispoñible na Aula Virtual.

